

O entusiasmo das musas

Xuventude Crea 2015 entrega os seus premios o vindeiro 3 de decembro



**Sesións de
coaching para
favorecer o
empredemento**



**Debate sen
fronteiras
para revisar
a sociedade**



**Unha Iniciativa
Xove aposta por
avanzar na
ecoinnovación**



3 de decembro: chega a gran cita do talento creativo da mocidade

- Entrega dos premios do certame Xuventude Crea na Cidade da Cultura

XUVENTUDE
CREA 2015

Durante o mes de novembro xa se foron coñecendo os premios das once especialidades de **Xuventude Crea 2015**, o concurso co que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado trata de estimular o talento, a imaxinación e a creatividade artística dos mozos e mozas galegos.

Pero agora aínda falta a gran cita do certame, que non é outra que o acto final de entrega de premios. Está

programado para o vindeiro xoves 3 de decembro, ás 20 horas na Cidade da Cultura, e nel daranse cita todos os premiados nas categorías de teatro, moda, deseño de xoias, artes plásticas, música, banda deseñada, relato breve, fotografía, poesía, graffiti e videocreación.

A directora xeral, Cecilia Vázquez, afirma que o concurso "engloba a

maior manifestación das posibilidades creativas da xuventude galega", por canto dá cabida a proxectos "ideados e executados polos mozos e mozas como unha expresión do seu talento e da súa creatividade".



Final de teatro, en Outes

Nesta edición de Xuventude Crea presentáronse un total de 228 proxectos individuais e en grupo, no conxunto das once especialidades. Isto supón a participación de máis de 300 persoas, de Galicia ou residentes en Galicia. As principais



Exposición dos finalistas de fotografía e de artes plásticas do concurso Xuventude Crea 2015

condicións para presentarse son ter entre 16 e 30 anos e non dedicarse profesionalmente á

disciplina na que presentan as súas propostas creativas. Os premios foron decididos por xurados específicos en cada categoría, integrados por especialistas na materia e por representantes da Administración autonómica. Ao gañador de cada espe-

cialidade correspóndenlle 3.000 euros, mentres que o segundo premio está dotado con 1.500 euros e o terceiro con 1.000 euros. En varias das modalidades, á vista do elevado nivel das creacións presentadas, os xurados decidiron que determinados premios fosen compartidos. E tamén fixeron uso da posibilidade de outorgar mencións de honra, aínda que estas distincións carecen de dotación económica.



Final da especialidade de graffiti, en Santiago



Todos os premios do Xuventude Crea 2015

Banda deseñada

1º premio: Xulia Pisón Egea (*Ata o derradeiro alento*).

2º premio: Inés Vázquez Ramallal (*Eulalia e o bosque dos aparecidos*).

3º premio: Daniel Corrada Rodríguez (*Tódalas bruxas son malas*).

Fotografía

1º premio compartido: Breogán Alamancos Millán (*Galiza is different*) e Alejandro Lorenzana Velasco (*Otro punto de vista*).

2º premio compartido: Estefanía Andre Feijoo (*Pegadas*) e Carla Pérez Vázquez (*Espellos, espazo de reflexión*).

3º premio compartido: Lara Torres Rodríguez (*Poemas obxeto*) e Tania Cuiña Gómez (*Recordo*).

Mención de honra: María Rosario López Sánchez (*Do ermo*).

Relato breve

1º premio: Brais Lamela Gómez (*Barcos de palma de Ecuador*).

2º premio compartido: Andrés Carrasco Solla (*Os dominios do Caos*) e Xacobe Pato Rodríguez-Gigirey (*As voces estridentes*).

3º premio compartido: Rubén Pérez Pombo (*O tintiño*) e Héber Fernández Pérez (*Boi e muiñeira*).

Teatro

1º premio: Vacaloura Teátrica (*Mousike e as kronomusas*).

2º premio: Pinchacarneiro Teatro (*Vilar de inferno*).

3º premio compartido: Non si? Teatro (*Variacións dun soño sen título*) e Fusco e Lusco da Laboral de Ourense (*Vodas de sangue*).

Moda

1º premio: Irene Muiños Pereira (*Jane Rocks*).

2º premio: Yolanda Román Vázquez (*Militante vanguardista*).

3º premio: Iria Carrera Chapela (*#Tags for life*).

Artes plásticas

1º premio compartido: Beatriz Sieiro Caramés (*Sen ti*) e Ruth Miguel Díaz (*Habitar, erosión e ruína*).

2º premio compartido: Adrián Taracido Fernández (*Diafanía*) e Javier Sande Iglesias (*Remigio*).

3º premio compartido: Adrián Penido Núñez (*Conciencia plástica*) e Carlos Copa Josenge (*Puzlle de fluídofaunorostros*).

Mención de honra: Silvia Capelo Álvarez (*Trazos físicos da terra*).

Graffiti

1º premio: Ramón Conde-Corbal Varela (*Festa Neón*).

2º premio: Tirso Paz Sans (*Mirada melosa*).

3º premio compartido: Marcos Lamas Bestilleiro (*O rostro do querer*) e Abraham Caride Fernández (*Enxebre*).

Videocreación

1º premio: Inés Mirás Vieites (*Volta atrás*).

2º premio: Denisse Lozano Hermida (*Alén das pantallas*).

3º premio compartido: María del Pilar Boullosa Álvarez (*Luscofusco*) e Estela Suárez Recouso (*Extrusión social*).

Poesía

1º premio compartido: Brais Lamela Gómez (*Memorias dun cuarto afincado en nevermore*) e Mónica Sánchez Rodríguez (*O sosego do lodo*).

2º premio compartido: Andrea Arís Couso (*3/cuartos de fame*) e Sonia Martínez López (*Interaccións fundamentais*).

3º premio compartido: Celia Parrá Díaz (*Profundidade de tacto*) e Fabián Freijedo Fariñas (*00023-KZ arquivo CHUS psiquiatría*).

Deseño de xoias

1º premio: Sonia Fernández Gándasegui (*Migracións*).

2º premio: Paula García Carballal (*Plumas para volar*).

3º premio: Eva Boqueiro Gil (*Suspiros de liberdade*).


Mención de honra: Alejandro Ro-deiro Mauriz (*A árbore de vida*).

Música

1º premio: **Diariodeverano** (*Non hai lugar e Todo va a ir bien*).

2º premio: **Fripp&Kitte** (*Na noite escura e The bitter me*).

3º premio compartido: Umbra (*Azul e Devagar*) e Ofmates (*Ollas de auga e Scars*).





“No teatro custa facerse un nome, pero si hai público”

XUVENTUDE
CREA 2015

● Entrevista coa compañía ‘Vacaloura teátrica’, gañadora do Xuventude Crea 2015 de teatro

- ‘Mousike e as kronomusas’ é a obra coa que a compañía ‘Vacaloura teátrica’, creada hai pouco máis dun ano, gañou o primeiro premio Xuventude Crea 2015 na categoría de teatro. É un percorrido pola Humanidade a través da música. Cal é a intención desta peza?

- O afán didáctico. Desde un principio tiñamos a intención de crear unha obra que nos permitise mesturar música e teatro porque nos gusta moito tanto unha cousa como a outra. Quixemos facer unha obra sobre a Historia da música, pero parecíanos demasiado serio e ao final o que utilizamos foi o contexto da Historia para crear a obra e transmitir que a música nos parece moi importante ao longo dos tempos.

- A selección das pasaxes tivo que ser difícil, non?

- Claro. Houbo un labor importante de estudo da Historia da música en xeral. Entendemos que a música é unha linguaxe máis do home e desde as cavernas ata o día de hoxe había moitos feitos importantes. Pero non todos son trasladables ao teatro nin permiten facer unha escena intere-



Integrantes de Vacaloura Teátrica, creada hai pouco máis dun ano

sante ou divertida.

- A montaxe é moi complicada, está ao alcance dos recursos dunha compañía afeccionada?

- Foi moi difícil. Aínda que temos experiencia noutras compañías, nesta pouco máis temos que un ano de vida. Tiñamos un orzamento cero e

entón tivemos que adiantar cartos propios e tirar moito da imaxinación para conseguir o mellor resultado con moi poucos recursos. Por exemplo, para o vestiario tiramos moito do fondo de armario, de familiares, de coñecidos... Ao ser algo tan amplo, desde a prehistoria ata hoxe,

houbo que buscar roupa de moitas épocas. Iso fixo moi complexa a produción. Non tiñamos un fondo de diñeiro do que tirar e axudounos un pouco a Universidade de Santiago. Nese momento, como compañía universitaria tiñamos dereito a pedir unha pequena axuda, que nos permitiu finalmente facer a produción.

- O obxectivo era de por si ambicioso, pero ademais houbo que engadirlle humor. É doado encaixalo?

- A verdade é que, sendo un grupo que o pasa ben traballando, o humor vai aparecendo. Mesmo escenas que pensas como moi serias, na propia dinámica dos ensaios van derivando ata o humor. Ás veces hai que deixarse levar pola diversión, o que fai que saian cousas que nos parecen moi graciosas e que finalmente incluímos. Se nos fai rir a todos, cremos que pode funcionar.

- É un recurso que tamén serve para implicar o público?

- Si. Case todos vimos de facer obras cómicas e como actores é algo que temos moi integrado e que nos gusta. Facer rir o público sempre é algo que reconforta moito. Temos a

experiencia de facer comedia principalmente, aínda que algúns de nós tamén fixemos xéneros dramáticos. O proxecto inicial era máis serio, sempre coa idea de non abandonar o humor, pero ao final nos tempos que corren está moi ben rir e facer rir.

- Como foi a vosa confluencia para crear 'Vacaloura teátrica'?

- Algúns estábamos antes noutras compañías, con bastante rodaxe xa. Ao disolverse, quedamos con ganas de seguir traballando, pero sen ter onde. Decidimos empezar de cero e como non había unha compañía á que unirse, creámola nós. Despois fomos sumando máis xente interesada no proxecto. Paulatinamente, fomos desenvolvendo a idea, comentándollo a coñecidos e sumando xente, uns que xa fixeran teatro antes e outros noveis.

- As futuras producións van ir na liña desta ou podedes dar un xiro completo?

- Estamos pensando en darlle un xiro. Estamos aínda nunha fase moi inicial porque temos moi recente 'Mousike e as kronomusas' e asimilando a emoción de ter gañado na final do Xuventude Crea. Estamos comezando a falar sobre que nos interesaría para este novo ano. Imos poder dar un xiro bastante grande, pero o interese pedagóxico, que o público aprenda e que nós aprendamos no proceso, é algo que nos vai acompañar no futuro.

- A aposta vai ser crear obras propias ou adaptacións?

- Estamos decidindo. É posible que

fagamos unha adaptación porque a verdade é que facer unha obra propia coa compañía recién creada supúxonos un traballo moi duro todo o ano. Foi moito traballo e moito esforzo, e por tanto posiblemente fagamos unha adaptación. Pero sen descartar a creación, polo que quizais estea a medio camiño.



'Mousike e as kronomusas' percorre con humor a Historia da música


- Hai público para o teatro?

- Si. Aínda que é un medio que non é tan de masas como pode ser a música, onde a xente fala e coñeces os nomes dos grupos, no teatro custa máis facerse un nome ou que te coñezan. Sen embargo, cando vas aos sitios ves que funciona e que a xente está afeita a ir ao teatro. Mesmo en lugares pequenos onde esperas

que non haxa ninguén e ves que en realidade a xente vai, gústalle e está afeita porque ademais existe unha programación. Ogallá foise moitísimo máis, pero hai público.

- E permite que este tipo de compañías vaian tirando, ou ao final hai que tirar de vontade?

- Ao final, como é imaxinable, o



sobrevivir porque as montaxes, os desprazamentos, comer e os gastos que aparecen fan que sempre vaíamos xustiños.

- Á marxe do premio económico, Xuventude Crea supón un impulso importante para facerse un oco no teatro?

- Para nós é moi importante o premio, e como unha compañía novel máis aínda. Como dixemos antes, é moi difícil facerse un nome e que a xente te coñeza. Tes que facer centos de funcións para que a xente empece a acordarse de ti. Que se recoñeza a nosa primeira creación con este premio é unha alegría inmensa.

- Como valorades o nivel das propostas finalistas, que vistes en Outes?

- No Xuventude Crea, o nivel sempre é alto. Con outras compañías, algúns xa tiñamos participado e tamén sabemos a experiencia de sermos finalistas. Sempre quedamos de terceiros ou así, sempre se nos resistía o primeiro premio. Este ano tamén foi moi alto, e ademais os ex compañeiros de Pinchacarneiro Teatro quedaron segundos e levaban unha proposta que rozaba o profesional, moi ben executada en todos os aspectos. A verdade é que por iso gañar foi toda unha sorpresa porque a competencia sempre é alta.



O coaching como xeito de impulsar o emprendemento

- Un curso reforza en Dodro as capacidades de 16 mozos e mozas

Reforzar as relacións interpersoais e aumentar a capacidade de comunicación cos demais. Estas son dúas das principais materias que trataron os alumnos e alumnas que acudiron ao innovador curso de *coaching* que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organizou na parroquia de San Xoán de Laíño, pertencente ao municipio coruñés de Dodro.

A directora xeral, Cecilia Vázquez, que acudiu á entrega de diplomas destas xornadas, asegurou que o obxectivo é “adquirir fortalezas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade e a conseguir as súas metas profesionais”. Todo mediante un curso que se concebiu como “un espazo de encontro, coñecemento e información para a formación en habilidades e, sobre todo, en relacións”, tal como declarou Vázquez.

No curso, financiado integramente pola Dirección Xeral e gratuito para os participantes, incidiuse nos recursos que permiten manexar mellor a información e a partir de aí a comunicación persoal. A utilidade destas técnicas ten un claro traslado en proxectos de emprendemento, nos que cada día se valora máis a capa-



Entrega dos diplomas do curso celebrado en Imo (Laíño, Dodro)

cidade de transmitir con claridade as ideas e obxectivos empresariais. E tamén son ferramentas que resultan moi necesarias na busca dun emprego, posto que expresarse con convicción e xerar actitudes de complicity co interlocutor facilita ac-

ceder ao traballo ao que se aspira.

Este tipo de cursos son unha das prioridades da Dirección Xeral. A educación non formal ten demostrada a súa valía para axudar ao desenvolvemento persoal, educativo e profesional.

Os encontros territoriais superan os 150 asistentes

A serie de sete encontros territoriais de Información xuvenil por toda a xeografía galega concluíu cun balance moi positivo. En total, asistiron máis de 150 profesionais vinculados ás tarefas de darlle a coñecer á mocidade os recursos aos que pode acceder en materia de formación, emprego, lecer, mobilidade...

Os encontros desenvóléronse nos espazos xoves de Carballo, Pontedeume, Curtis, Noia e Ourense, ademais das delegacións territoriais de Lugo e de Vigo. Centráronse nos programas de Garantía xuvenil, Correspondentes xuvenís, Educación non formal, Galeuropa e Iniciativa xove.

Con respecto aos técnicos de información xuvenil, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, destacou na clausura dos encontros que Galicia foi a primeira autonomía que lles facilitou a obtención dun certificado de profesionalidade, cos novos procedementos de recoñecemento de competencias e experiencia.



Unha sociedade sometida a 're-visión'

Un proxecto internacional de mobilidade reuniu en Galicia por uns días a 44 mozos e mozas de diversos países europeos co propósito de avaliar a implicación dos máis novos na sociedade e propoñer medidas para incentivala. De feito, a iniciativa levou por nome "Re-visión da participación" e estivo liderada pola Asociación Cultural, Deportiva e Xuvenil Ser.

Durante os seis meses de duración do proxecto, efectúase unha consulta en liña

sobre o grao de participación da mocidade e o xeito en que perciben a clase política máis as principais problemáticas existentes. Despois, un seminario transnacional analiza os resultados da consulta e promove o diálogo sobre aspectos como a empregabilidade, a tolerancia ou a igualdade de xénero. E finalmente, a iniciativa encárgase de explotar e difundir os resultados.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Vo-

luntariado, Cecilia Vázquez, reuniuse en Santiago cos protagonistas de 'Re-visión da participación', que estiveron acompañados de oito responsables da toma de decisións no eido da mocidade de Portugal, Hungría, Letonia, Italia, Grecia e España. Vázquez puxo de manifesto as oportunidades que conleva a mobilidade e destacou que Galicia é unha das autonomías máis activas no programa Erasmus+, no que se encadra este proxecto.



Reunión do proxecto 'Re-visión' en Santiago de Compostela



Encontro anual do Servizo de Voluntariado Europeo, en Melide (A Coruña)

Soben os recursos para a mobilidade

As iniciativas de mobilidade xuvenil contarán con 2,2 millóns de euros nos orzamentos autonómicos galegos para 2016. A partida inclúe programas emblemáticos como Galeuropa e diversas axudas para o fomento da mobilidade transnacional dos mozos e mozas galegos.

A cifra adiantouna o conselleiro de Política Social,

José Manuel Rey, durante a súa participación nun encontro con cen mozos e mozas de toda España participantes no evento anual do Servizo de Voluntariado Europeo (SVE).

Este encontro, de tres días de duración, desenvolveuse en Melide, onde os participantes aproveitaron unha xornada para percorrer un treito do Camiño.



A Iniciativa Xove máis verde e innovadora

- As [Eco]Xornadas divulgaron na sociedade solucións innovadoras ante os problemas ambientais

No ámbito do ambiente, son xa míticos os tres R, os de reducir, reutilizar e reciclar, no que respecta ao tratamento de residuos. E agora a grande aspiración é darlles pulo a outros tres: os de repensar, redeseñar e recoñecer. Neste caso, para facer avanzar as solucións que a chamada 'ecoinnovación' ofrece ante os prexuízos á natureza.

Alguns dos exemplos máis interesantes neste eido puidéronse coñecer nas "[Eco]Xornadas Eco-Innovar (r³)", organizadas polo grupo informal de mozos e mozas **Enxeñería Verde**, co apoio do programa Iniciativa Xove, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. O evento contou cun elevado éxito de participación, ao superar amplamente as cen persoas inscritas.

Os organizadores partiron da premisa de que hai que falar menos en negativo cando se tratan as cuestións relativas ao ambiente e comezar a ofrecer solucións e mensaxes positivas. En vez de centrarse no que se está facendo mal, divulgar o que se pode facer e xa se está facendo ben. Sempre a través da aplicación de propostas innovadoras desenvolvidas desde a enxeñaría.

Nesta liña, durante as dúas xor-



O programa reservou parte do tempo ás actitudes emprendedoras

nadas deuse conta de como aplicar sistemas naturais para a depuración de augas e de novas iniciativas de investigación e desenvolvemento no eido das estacións de tratamento de augas. Tamén por parte de empresas, expuxéronse casos de aplicacións para vivir e mellorar a calidade do aire e un investigador universitario

abordou algúns sistemas de recuperación de solos afectados por contaminacións.



Ademais de métodos para fomentar a reciclaxe entre a cidadanía, presentáronse proxectos para obter va-

lor dos residuos xerados por queixarías e outras industrias lácteas e por sistemas de depuración de augas.

Como un dos obxectivos é tamén trasladar a ecoinnovación á sociedade e involucrar a mocidade para promover proxectos de emprendemento neste eido, unha das xeiras serviu para explicar diversas iniciativas de divulgación científica e ambiental, incluso desde a perspectiva da concienciación, e para debullar e debater as posibilidades de iniciar proxectos empresariais sobre a base da innovación tecnolóxica e para o coidado e mellora do medio.

Entre as ideas preconcebidas que quixeron desterrar os organizadores, está a de que a ecoinnovación é un ámbito no que só traballan grandes empresas, cando en realidade ten un amplo campo de aplicación en pequenas e medianas empresas que necesitan facer máis sustentables os seus procesos de produción.

As [Eco]Xornadas, que tiveron lugar no salón de actos da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago, foron de asistencia libre e gratuíta, e suscitaron un interese especial non só entre xente nova, senón tamén entre outros perfís de público dedicado á materia.

NON O PERDAS

EXSONVALDES. A CORUÑA.
2 DE DECEMBRO. MAC.



CARRERO BIANCO. LUGO.
12 DE DECEMBRO. CLAVICÉMBALO.

NON O PERDAS

LUGO

2 de decembro
JW Ensemble
e **Enrique Bagaria**
Círculo das Artes

5 de decembro
Dreams of Holy Sheep
O Clavicémbalo

7 de decembro
Herdeiros da Crus
O Clavicémbalo

11 de decembro
Dani Flaco
O Clavicémbalo

12 de decembro
Carrero Bianco
O Clavicémbalo

18 de decembro
Los Potes
Clavicémbalo

19 de decembro
Galiryon e Perpetual
O Clavicémbalo

26 de decembro
Cats and Monkeys
O Clavicémbalo

8 de xaneiro
Arce

O Clavicémbalo

19 de febreiro
El ultimo ke zierre e Zénzar
Pazo de Feiras e Congressos

19 de febreiro
A Candeloria Festival 2016
Pazo de Feiras e Congressos

VIGO

4 de decembro
Sweet California
Auditorio Mar de Vigo

4 de decembro
Hunter & The Bear
A Fábrica de Chocolate

5 de decembro
Sexy Cebras
A Fábrica de Chocolate

5 de decembro
Spartaque off beat
Sala Masterclub

6 de decembro
The Buzzos
Sala Berlín

11 de decembro
Belako
A Fábrica de Chocolate

12 de decembro

Somas Cure

A Fábrica de Chocolate

12 de decembro
Xoel López
Teatro A Fundación

15 de decembro
Cheetah Chrome e Señor No
A Fábrica de Chocolate

22 de decembro
Flicflac, Zwette, Animal Picnic e Gus G.
Auditorio Mar de Vigo

24 de xaneiro
Jacco Gardner
Radar Estudios

29 de xaneiro
Talco e Ebri Knight
Sala Masterclub

19 de febreiro
Manegarm
Transylvania

9 de marzo
Masterplan, Leyenda e Sacramento
Sala Masterclub

12 de marzo
Ricardo Vicente
O Ensanche

A CORUÑA

2 de decembro
Exsonvaldes
Mac

4 de decembro
Don Quixote Gastronómico
Forum Metropolitano

4 de decembro
Xoel López
Sala Finisterrae

5 de decembro
Non servium, Los chikos del maíz, Boot Bons e Trapallada
Zona contigua ao Castelo de Santo Antón

6 de decembro
The Mersey Beatles from Liverpool
Pazo da Ópera

7 de decembro
The Routes
Mardi Gras

10 de decembro
Marcos Meléndez
Teatro Colón

12 de decembro
Malatransa
Filomatic

14 de decembro
Cheetah Chrome e Señor No
Mardi Gras

17 de decembro
Los Deltonos
Le Club

18-19 de decembro
Russian National Ballet
Teatro Colón

22 de xaneiro
Jacco Gardner
Mardi Gras

23 de decembro
Chicago Mass Choir
Teatro Colón

26 de decembro
Jorge Blas
Teatro Colón

29 de xaneiro
The Limboos
Sala Mardi Gras

30 de xaneiro
Cheap Wine
Sala Mardi Gras

20 de febreiro
Brothers in Band
Pazo da Ópera

ARCE. SANTIAGO.
15 DE XANEIRO. SGAE.



XOEL LÓPEZ. PONTEVEDRA.
11 DE DECEMBRO. PAZO DA CULTURA.



galicia

CANGAS DO MORRAZO

5 de decembro
7 almas
Sala Son

19 de decembro
Los Deltonos
Sala Son

SANTIAGO

1 de decembro
Nastasia Zürcher
Sala Capitol

4 de decembro
Xoel López
Sala Finisterrae

7 de decembro
The Heartless Bastards
Sala Capitol

10 de decembro
Andrés Suárez
Sala Capitol

11 de decembro
Los Suaves
Sala Capitol

11 de decembro
Andrés Suárez

Pazo de Congressos

12 de decembro
Pinktones
Sala Capitol

12 de decembro
Zodiac
Sala Sónar

26 de decembro
Hamlet
Sala Capitol

15 de xaneiro
Arce
Fundación SGAE

22 de xaneiro
Greenleaf
Sala Sónar

23 de xaneiro
Herdeiros da Crus
Sala Sónar

30 de xaneiro
Letz Zep
Sala Capitol

30 de xaneiro
Cheap Wine

Sala Sónar

6 de febreiro
Machine Head
Sala Capitol

26 de febreiro
Antonio Rivas
Sala Capitol

5 de marzo
Screaming Headless Torsos
e **Cats and Monkeys**
Sala Capitol

CARBALLO

4 de decembro
Sexy Cebras
Sala Dublín

FERROL

11 de decembro
Herdeiros da Crus
Sala Super 8

12 de decembro
Ariel Rot
Auditorio de Ferrol

18 de decembro
Los Deltonos
Sala Super 8

18 de decembro
Carmen París
Teatro Jofre

15 de xaneiro
Fetén Fetén
e **Cuarteto Caramuxo**
Teatro Jofre

27 de febreiro
Cola Jet Set
Sala Super 8

OURENSE

18 de decembro
María Coma
Café Pop Torgal

20 de decembro
Will Johnson
Café Pop Torgal

25 de decembro
Arizona Baby
Café Pop Torgal

26 de decembro
Arce
Sala Berlín

13 de febreiro
Daniel Norgren

Café Pop Torgal

11 de marzo
Ricardo Vicente
Café Pop Torgal

PONTEVEDRA

11 de decembro
Os Reis da Comedia
Sede A Fundación

11 de decembro
Xoel López
e **Helena Goch**
Pazo da Cultura

19 de decembro
Herdeiros da Crus
Sala Karma

3 de xaneiro
Russian Classical Ballet
Sede A Fundación

9 de xaneiro
Arce
Sala Karma

5 de marzo
Calum
Pazo da Cultura



Xuventude Novas - Nº 66 - Novembro 2015
© Xunta de Galicia. 2015. *Xuventude Novas*



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.
CompartirIgual 4.0 España de Creative Commons.
Para ver unha copia de licenza, faga clic [aquí](#).

REDACCIÓN E MAQUETACIÓN: Nós Comunicación
infoxove@noscomunicacion.com

EDITA: Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Vo-
luntariado. San Lázaro, s/n - 15781 - Santiago

Para ver esta publicación, faga clic [aquí](#).

CONTACTA CON XUVENTUDE.NOVAS
infoxove@xunta.es

Dirección Xeral de Xuventude, Partici-
pación e Voluntariado
San Lázaro s/n - 15781
Santiago de Compostela



**XUNTA
DE GALICIA**